

FINANCIAMENTO DAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DE SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA

Fco. Xavier Martínez Cobas

Universidade de Vigo

1.- A GARANTÍA DOS CRÉDITOS COMO RESPONSTA ÁS RESTRICCIÓNS DE CRÉDITO

A economía galega participa nos anos noventa dun proceso de liberalización e apertura derivado, por unha banda, da construción da Unión Europea e, pola outra, da caída mundial das barreiras ó comercio internacional.

Unha das notas diferenciais deste proceso é a intensidade coa que afecta non só as grandes empresas, senón á práctica totalidade da estrutura empresarial, na que rexorden as pequenas e medianas empresas (Pemes), como efecto das transformacións nos procesos de produción e como protagonistas significativas dos entornos productivos locais.

As autoridades económicas, dada a importancia actual que se lles reconece ás Pemes na produción e na creación de emprego, ensaian diferentes modos de intervención e de axuda ás mesmas. No financiamento, un dos instrumentos máis empregados internacionalmente é a garantía ou aval dos créditos das empresas. No estudio de Grahman Bannock e Partners (1995), identifícanse oitenta e cinco países que os practican. Este mecanismo sería preferido á subvención directa ou menos criticado ca esta, xa que se considera que distorsiona en menor medida o mercado.

A fundamentación deste mecanismo de intervención estaría na posibilidade de que ás Pemes non teñan acceso ó crédito, (racionamento vía cantidades), ou, tendo acceso, que o prezo a pagar polo capital sexa tan elevado que non compense aceptalo (racionamento vía prezos).

O estudio das restriccións de crédito ten unha ampla presenza na literatura económica. Destacamos os traballos de Flavin (1981) na teoría económica e de Stiglitz e Weiss (1981) na teoría financeira, como referencias claves do debate académico. En Caminal (1995) e Psillaki (1995) pódense atopar as fundamentacións básicas dos modelos de restricción de crédito.

Dous son os modelos seguidos para avalar os créditos, coexistindo ás veces no mesmo país (Levitsky, 1993):

- Os fondos de garantía de crédito, que avalan total ou parcialmente os créditos ás Pemes, son financiados polos gobernos dos Estados ou por outras entidades. Outras veces non se constitúe o fondo formalmente e o aval provén do sector público directamente.

• As Sociedades de Garantía Recíproca (SGR), que teñen a súa orixe nunha concepción mutualista, de axuda mutua. As empresas son membros dunha sociedade que avala total ou parcialmente os créditos dos seus membros. Na práctica, esta concepción maniféstase xuridicamente de diferentes xeitos en cada país. É o caso das *Sociétés de caution mutuelle* en Bélxica, consideradas cooperativas; das *Kreditgarantiegemeinschaften* alemáns, que son sociedades de responsabilidade limitada; ou das SGR en España, con réxime xurídico diferenciado.

As vantaxes que a participación nunha SGR supón para as Pemes son as seguintes:

■ A consecución do crédito, sendo a principal garantía o propio negocio e a súa orientación estratéxica.

■ Que este sexa máis barato debido á diversificación, que elimina o risco específico. Rivera (1995) estima que as SGR permitirían reducir ó sistema crediticio unha media do 2,5% do custo das súas operacións coas Pemes.

■ A agregación de créditos das SGR aumenta o poder de negociación fronte ás entidades financeiras.

■ Que os proxectos de investimento da empresa sexan supervisados pola SGR.

■ A prestación doutros servicios, como a tramitación das solicitudes de subvencións ó investimento.

En Galicia operan dúas SGR: Sogarpo, con sede social en Vigo, e Afigal, na Coruña. O papel destas dúas sociedades ven determinado polo evolución da lexislación do Estado. Veremos primeiro os antecedentes e a necesidade dunha reforma, despois o regulamento actual e a seguir ofreceremos datos das dúas.

2.- ANTECEDENTES

A idea de crear SGR en España partiu da Cámara de Comercio e Industria de Barcelona, e recolleuse no marco dos Pactos da Moncloa (G. Jiménez, 1995) como instrumento de apoio ó financiamento das pequenas e medianas empresas (Pemes). A proposta de creación debíase ó éxito noutros estados europeos, e concretamente ás *Sociétés de caution mutuelle*, creadas pola lei francesa de 13 de marzo de 1917. O éxito do modelo de SGR francés a partires da Segunda guerra mundial, fixo receptivas á proposta ás autoridades económicas españolas.

A lexislación que determinou o nacemento das actuais SGR foi o Real Decreto 1885/1978, de 26 de xullo, sobre rexime xurídico, fiscal e financeiro das sociedades de garantía recíproca. Pouco antes o Real Decreto-Lei 15/1977, de 25 de febreiro autorizara ó Goberno a regular estas sociedades.

As características máis salientables do Real Decreto foron, segundo o redactor do anteproxecto (Bercovitz, 1994) as seguintes:

- obxecto exclusivo: o outorgamento de avais ou outras garantías en favor dos socios partícipes para as operacións que estes realicen dentro do xiro ou tráfico das empresas das que sexan titulares.

- Configuración xurídica como un tipo social autónomo, con características propias das sociedades anónimas e das sociedades cooperativas, identificando as características do mutualismo coas das cooperativas.

A aparición das primeiras SGR e a súa evolución determinaron modificacións legislativas que afectaron e/ou complementaron ó anterior. Destacamos a importancia da Lei 26/1988, de 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, que aplica ás SGR o rexime de autorización, control e sanción das entidades financeiras. Isto determinaría a posibilidade de inspección do Banco de España.

Resultado de todo o anterior foi que a 31/12/1993, había 26 SGR no Estado, con 41.203 socios partícipes, e 17.973 avais vixentes por un importe de 111.901 millóns de pesetas¹. Entre esas vinteseis sociedades estaban Sogarpo e Afigal.

3.- NECESIDADE DUNHA REFORMA

Tanto a exposición de motivos da lei 1/1994, de 11 de marzo, sobre o rexime xurídico das sociedades de garantía recíproca, como numerosos autores², sinalan unha serie de defectos do anterior sistema que, ou ben limitaban ás SGR, ou as puxeran na quebra. Sintetizados, serían os seguintes:

1.- O obxecto social único impide o cobro doutros servicios de estudio e asesoramento en temas financeiros, negociación con entidades de crédito, etc...que con frecuencia se realizan.

2.- O custo do aval. As empresas chegaban a pagar un 0,5% do importe en concepto de gastos de estudio, e unha comisión anual do 1%, ademáis dunha retención do 7% do importe avalado (G.Jiménez, 1995). Isto encarecía o acceso ó aval, ata o punto de non compensar a redución de xuros nos créditos. Mais o grave era que conforme ó Real Decreto 1885/1978, e debido ó carácter mutualista das SGR, os créditos que as empresas avaladas non devolvían ás entidades financeiras eran pagos pola SGR, que as avalara, e eses impagos terían que ser repercutidos sobre o resto dos socios partícipes da SGR. Cando o Banco de España comezou a realizar inspeccións ás SGR, descubríu que estas non imputaban os fallidos ás aportacións realizadas polos socios, de modo que as aportacións que estes realizaban se devolvían íntegramente cando remataba o compromiso entre a SGR e a empresa avalada, sen realizar as deducións proporcionais polos fallidos. Se isto se realizara, elevaría o custo do aval ata facelo non competitivo.

Cardone (1995), determina que o custo medio do aval dunha SGR é do 3,3% do importe avalado. Segundo a autora, se temos en conta que con datos da Central de Balances do Banco de España para 1993 existía un diferencial de taxas de xuro próximo ó 5% entre o custo financeiro soportado polas grandes empresas e as pequenas, e que incluíndo ás medianas e pequenas a diferenza mantense no 3%, vemos que a redución de custos financeiros polo aval non compensa o custo deste. Iso xustificaría que tan só o 2% das Pemes, a datos de 1994, avale proxectos a traveso dunha SGR.

¹ Fonte: CESGAR (Confederación Española de Sociedades de Garantía Recíproca)

² Ver Bercovitz (1994), G. Jiménez (1994), Cuadernos ICO, (1995).

Outra consecuencia do anterior é que se produciu unha profunda descapitalización nalgunhas SGR, que obrigou a participación activa do IMPI (Instituto de la Pequeña y Mediana Empresa Industrial), e ó saneamento, fusión ou peche dalgunhas delas.

3.- A falla dun sistema de reaval axeitado. O reaval, segundo aval ou reafianzamento consiste na cobertura de todo ou parte do aval da SGR por parte doutra sociedade. Este reaval, que foi clave no éxito das SGR francesas, non se tiña aquí, e dúas foron as iniciativas:

Unha delas foi a creación da "Sociedad mixta de segundo aval", creada por Real Decreto 874/1981, como unha sociedade autónoma con capital de maioría pública. Fracasou polo custo dos seus servicios, a cobertura limitada e mesmo a discrecionalidade na concesión do reaval, entre outras causas.

A outra foi a Sociedad de Garantías Subsidiarias, S.A. (SOGASA), creada polo IMPI e as SGR, cun 45% de capital do primeiro e o resto entre as sociedades. Esta tamén fracasou en parte, debido á elevada morosidade nas operacións das SGR, que provocou o esgotamento dos recursos disponibles.

4.- REGULAMENTO ACTUAL

As tres causas anteriores determinaron a reforma que supuxo a lei 1/1994. As características máis salientables desta son as seguintes:

- Ampliación do obxecto social, de xeito que ademais de avalistas poden ofrecer asesoramento financeiro ás Pemes, así como participar en sociedades ou asociacións que teñan por obxecto actividades dirixidas a aquelas.

- Consideración das SGR como entidades financeiras (art.1)

- Capital mínimo: Trescentos millóns de pesetas (art.8.1), totalmente suscritos e desembolsados (art.15), fronte ós cincuenta anteriores.

- Número de socios fundadores e partícipes mínimo: Cento cincuenta,(art.16), fronte ós dez anteriores.

- Ampliación dos beneficios fiscais.

- Modificación do sistema de reafianzamento. Prodúcese a fusión da "Sociedad mixta de segundo aval" e da "Sociedad de garantías subsidiarias,S.A.", constituíndo a "Compañía española de reafianzamiento"(CERSA), cun capital inicial de tres mil millóns de pesetas e a participación do ICO, do IMPI e das SGR. CERSA funcionará como un consorcio de compensación, cubrindo un 50% do capital e xuros de cada operación das Pemes.

En resumo, a nova lei pretende con estes cambios solucionar os tres problemas expostos no apartado anterior, garantindo o futuro das SGR.

5.- AS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA EN GALICIA.

Duas son as SGR que operan en Galicia: Afianzamentos de Galicia SGR (AFIGAL) e Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense (SOGARPO). A primeira delas ten por area de traballo as provincias da Coruña e Lugo e a segunda as de Ourense e Pontevedra, sendo os nucleos de maior actividade os da Coruña e Vigo.

Para analizar o papel das dúas veremos primeiro a composición e a evolución do seu capital social, -que é a partida básica do seu pasivo- e o patrimonio neto, facendo en segundo lugar avaliación da concesión de avais ás Pemes.

As fontes empregadas neste apartado son as memorias das propias entidades, así como a información facilitada polo Instituto de Crédito Oficial . Finalmente realizamos unha enquisa aleatoriamente a cincuenta Pemes galegas que están a ser avaladas por SGRs, para coñecer unha mostra da opinión dos empresarios sobre o seu funcionamento.

5.1.- Evolución e composición do capital social, patrimonio neto e socios partícipes

Os cadros 1 e 2 permítenos ver a evolución da estrutura do capital social para as dúas sociedades durante os anos 90. Pódese apreciar como aumentan a partida en Afigal e Sogarpo, tendo unha evolución máis estable a segunda, posto que para Afigal a redución nos anos 91 e 92 foi compensada con un crecemento elevado nos anos seguintes.

CADRO1

ESTRUCTURA DO CAPITAL SOCIAL E BASE SOCIETARIA

(en miles de pesetas)

	1991			1994		
	Afigal	Sogarpo	Total	Afigal	Sogarpo	Total
Capital social suscrito	436180	447440	883620	525660	490960	1016620
Fondos propios	438721	391253	829974	545178	560479	1105657
Total socios partícipes	1326	898	2224	1561	1253	2814

ESTRUCTURA DO CAPITAL SOCIAL E BASE SOCIETARIA

(en miles de pesetas)

	1996			1997		
	Afigal	Sogarpo	Total	Afigal	Sogarpo	Total
Capital social suscrito	553920	690366	1244186	716940	751987	1468927
Patrimonio Neto	644118	992047	1636165	813256	1114178	1927434
Total socios partícipes	1832	1448	3280	2406	1631	4037

Fonte: Sogarpo e Afigal

CADRO 2

ESTRUCTURA DO CAPITAL SOCIAL E BASE SOCIETARIA

Variación en tanto por cento sobre o exercicio anterior e variación global

	% var. 91-92			%var. 92-93		
	Afigal	Sogarpo	Total	Afigal	Sogarpo	Total
Capital social suscrito	-2,10	0,66	-0,70	-1,86	6,26	2,31
Patrimonio Neto	-0,22	-0,65	-0,43	0,49	4,94	2,58
Total socios partícipes	10,26	11,58	10,79	3,01	17,37	8,85

ESTRUCTURA DO CAPITAL SOCIAL E BASE SOCIETARIA

Variación en tanto por cento sobre o exercicio anterior e variación global

	% var. 93-94			% var. 91-94		
	Afigal	Sogarpo	Total	Afigal	Sogarpo	Total
Capital social suscrito	25,44	2,58	13,25	20,51	9,73	15,05
Patrimonio Neto	23,94	37,40	30,42	24,27	43,25	33,22
Total socios partícipes	3,65	6,55	4,92	17,72	39,53	26,53

Fonte: Cuadernos ICO

No que toca ó número de socios partícipes apréciase un aumento constante, situando ó conxunto de PMEs partícipes na banda das 400 para o ano 97. Este crecemento explica o aumento do capital social neses anos, sendo máis salientable aínda se temos en consideración que entre a segunda metade do ano 92 e o comezo do ano 94 asistimos a unha etapa recesiva do ciclo económico, que recollemos no cadro nº 2.

Se calculamos a ratio capital social suscrito / número de empresas partícipes para a data 31/12/94 o resultado é de 336.000 pesetas para as de Afigal e 391.000 para as de Sogarpo. A diferenza explícase no seguinte epígrafe. Para a suma de ambas o valor da ratio é de 361.000 pesetas.

5.2.- Socios protectores

A continuación desglosamos a lista de socios protectores das SGR galegas no cadro nº 3. Destes datos destacamos o seguinte:

■ A participación no capital dos socios protectores é moi elevada, sendo do 35,7% para Afigal e do 59,7% para Sogarpo. Nesta última é maor a cantidade de diñeiro aportada polos protectores que a das propias Pemes. En calquera caso, vese que a financiamento de ambas depende en boa medida de axentes externos ás empresas para as que foi creada.

■ Dentro dos socios protectores a maior aportación é a da Xunta de Galicia, que é aproximadamente do 25% do capital de cada entidade.

■ O conxunto dos capitais públicos directos é aínda máis elevado. Se sumamos á participación da Xunta de Galicia á das deputacións provinciais, chegamos cáseque á metade do capital de Sogarpo.

■ Os outros socios protectores son entidades financeiras galegas (Banco Pastor e Caixas de Aforros), e en menor grado asociacións empresariais e cámaras de comercio.

CADRO 3

SOCIOS PROTECTORES A 31/12/94

AFIGAL			SOGARPO		
Xunta de Galicia	129000	24,50%	Xunta de Galicia	129000	26,30%
Banco Pastor	15000	2,90%	Deput. de Ourense	72000	14,70%
Caixa Galicia	15000	2,90%	Deput. de Pontevedra	39840	8,10%
Deput. da Coruña	15000	2,90%	Caixa Galicia	28000	5,70%
Cámaras Comercio	5400	1,00%	Outras entidades fin.	21300	4,30%
Deputación de Lugo	5000	1,00%	Asoc. Empresariais	1540	0,30%
Asoc. empresariais	3100	0,60%	Cámaras Comercio	1180	0,20%
Outros	200	0,00%			
TOTAL	187700	35,70%	TOTAL	292860	59,70%

Fonte Cuadernos ICO. Importes en miles de pesetas.

Se calculamos agora as aportacións realizadas ó capital social polas empresas partícipes para data 31/12/94, o resultado é de 338 millóns de pesetas en Afigal e de cáseque 198 millóns de pesetas en Sogarpo. Con este novo dato, se vemos agora a ratio *capital social suscrito polas empresas partícipes / empresas partícipes*, o importe é de 216.500 para as empresas de Afigal

e 157.900 pesetas para as de Sogarpo, sendo a media de capital social suscrito para as empresas galegas partícipes dunha SGR de 190.000 pesetas.

5.3.- Características dos avais

Estudiamos agora o obxectivo básico das SGRs: A concesión de avais ás PME's partícipes. A partires da información proporcionada polo Instituto de Crédito Oficial, recollemos nos cadros 4 e 5 datos de Afigal e Sogarpo, construíndo o cadro nº 6 como a adición dos outros 2 para resumir a actividade en Galicia. Sintetizamos os comentarios nos seguintes puntos:

■ A porcentaxe de avais concedidos sobre os solicitados é moi elevada, sendo do 71,7% para o total de Galicia no que toca ó número de avais e do 68,2% no que toca ó importe avalado, que é superior ós 20.000 millóns de pesetas.

CADRO 4

AFIGAL - CARACTERÍSTICAS DOS AVAIS

	Número	% s/solicitados	(a 31/12/94)	
			contía	% s/solicitados
Avais solicitados	1559	100,0%	13.606.549	100,0%
Avais concedidos	1227	78,7%	10.379.726	76,3%
Avais vixentes	511	32,8%	2.516.219	18,5%
Risco vivo (miles ptas)			2.516.219	

CADRO 5

SOGARPO - CARACTERÍSTICAS DOS AVAIS

	Número	% s/solicitados	(a 31/12/94)	
			contía	% s/solicitados
Avais solicitados	1733	100,0%	16.766.306	100,0%
Avais concedidos	1132	65,3%	10.344.920	61,7%
Avais vixentes	389	22,4%	3.081.355	18,4%
Risco vivo (miles ptas)			3.081.355	

CADRO 6

TOTAL GALICIA - CARACTERÍSTICAS DOS AVAIS

	Número	% s/solicitados	(a 31/12/94)	
			contía	% s/solicitados
Avais solicitados	3292	100,0%	30.372.855	100,0%
Avais concedidos	2359	71,7%	20.724.646	68,2%
Avais vixentes	900	27,3%	5.597.574	18,4%
Risco vivo (en miles de ptas)			5.597.574	

Fonte: Cuadernos ICO

■ A porcentaxe de avais vixentes é do 27,3% sobre o total dos solicitados na vida das sociedades, sendo unha proporción maior en Afigal (32,8%), que en Sogarpo (22,4%). Na súa contía a porcentaxe é semellante para as dúas sociedades (18,4%) sobre o total solicitado.

■ O importe global avalado (20.724 millóns de pesetas), repártese entre 2.359 avais realizados, o que da un importe medio de 8.785.372 pesetas por aval. Se o dato é sobre os 900 avais vixentes, o importe medio é de 6.220.527 pesetas.

■ O número de avais vixentes, así como o número de socios partícipes visto anteriormente (2.814 a 31/12/94), parecen indicar un uso e coñecemento relativamente baixo con respecto ó conxunto de PMEs galegas, pero elevado con respecto ás aproximacións realizadas á media española.

5.4.- Prazo de amortización dos avais

Unha das problemáticas financeiras das PMEs sobre a que hai un relativo consenso na literatura económica é a dificultade destas no acceso ó financiamento a medio e longo prazo (Tamari, 1980; Jullien e Paraque, 1995). De todos modos, outros autores consideramos que o non hai unha conclusión definitiva a esta cuestión. O estado de desenvolvemento da empresa e a rendibilidade poden ser as causas reais de diferencias que non sempre se confirman (Pisón, 1980). Asemade, pode ser a falla de información dos empresarios ou a súa preferencia a que explique o elevado endebedamento a curto prazo, (Calof, 1985; Holmes e Kent, 1990) sobre todo se temos en conta que as Pemes non están normalmente xestionadas por un equipo de profesionais moi cualificado, (Ang, 1991), que unha pequena empresa non se pode permitir.

O problema sería máis grave nas PMEs europeas, xa que as norteamericanas teñen máis facilidade para acudir en ós mercados de capitais. En consecuencia, as empresas europeas e dentro destas as galegas, teñen boa parte da súa débeda a curto prazo, xa que as entidades financeiras non están dispostas a arriscar nos prazos, dado o entorno de incerteza económica que vivimos e dada a opinión maioritaria de que a posibilidade de quebra das PMEs é maior que a das grandes empresas.

A importancia do prazo de amortización dos avais reside no feito de confirmar se as SGR galegas permiten o acceso non só ó financiamento, senón ó financiamento a longo prazo. Os datos, recollidos nos cadros 7, 8 e 9, confirman este obxectivo, que matizaremos no apartado sexto deste traballo. Se dividimos os prazos en curto prazo (<12 meses), medio prazo (entre 12 e 36 meses) e longo prazo (>36, meses), vese que os avais a curto prazo representan tan só o 19,1% do total dos avais vixentes, sendo o total dos avais a curto prazo realizados por Afigal. Se o criterio empregado e o cálculo sobre risco vivo (que nos cadros aparece en miles de pesetas), os avais a curto prazo representan tan só o 3,7% do importe, polo que a práctica totalidade dos recursos emprégase en avais a medio e longo prazo, sendo estes últimos os que acaparan a maior parte dos recursos, con cáseque 2.500 millóns de pesetas de risco vivo que supoñen o 81,3% do total.

CADRO 7

AFIGAL - PRAZO DE AMORTIZACIÓN DOS AVAIS

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Avais < 12 meses	172	33,7%	205.090	8,2%
Avais entre 12 e 36 meses	35	6,8%	249.716	9,9%
Avais > 36 meses	304	59,5%	2.061.413	81,9%

CADRO 8**SOGARPO - PRAZO DE AMORTIZACIÓN DOS AVAIS**

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Avais < 12 meses	0	0,0%	0	0,0%
Avais entre 12 e 36 meses	79	20,3%	594.190	19,3%
Avais > 36 meses	310	79,7%	2.487.145	80,7%

CADRO 9**GALICIA - PRAZO DE AMORTIZACIÓN DOS AVAIS**

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Avais < 12 meses	172	19,1%	205.090	3,7%
Avais entre 12 e 36 meses	114	12,6%	843.906	15,0%
Avais > 36 meses	614	68,3%	4.548.558	81,3%

Fonte: Cuadernos ICO

5.5.- Repercusión por sectores económicos

Finalmente, rematamos este apartado coa información subministrada polos cadros 10, 11 e 12, que nos ofrecen unha visión por sectores económicos do destino dos avais.

CADRO 10**AFIGAL - DISTRIBUCIÓN DO RISCO VIVO POR SECTORES ECONÓMICOS**

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Primario	27	5,3%	64.311	2,6%
Industrial	58	11,4%	458.871	18,2%
Construcción	104	20,4%	326.946	13,0%
Servicios	94	18,4%	605.129	24,0%
Comercio	228	44,5%	1.060.962	42,2%
TOTAL	511	100,0%	2.516.219	100,0%

Pódese apreciar nas dúas SGR que o número de avais é concedido na súa maior parte a empresas comerciais, que para o conxunto de Galicia acaparan o 40% dos avais e o 36,9% do importe do risco vivo. En Afigal o segundo sector financiado en número é a construción, co 20% dos avais, que supoñen o 13% do risco vivo, aínda que por importe os outros servizos e a industria teñen unha participación superior. En Sogarpo, o sector servizos sitúase en segundo lugar por número de avais e en terceiro por importes, sendo a inversa a situación da industria, que é a terceira en número e a segunda en importe avalado. En calquera caso, nas dúas sociedades é o sector primario o menos avalado.

CADRO 11

SOGARPO -DISTRIBUCIÓN DO RISCO VIVO POR SECTORES ECONÓMICOS

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Primario	27	6,9%	252.101	8,2%
Industrial	89	22,9%	887.028	28,8%
Construcción	21	5,4%	137.985	4,5%
Servicios	119	30,6%	798.183	25,9%
Comercio	133	34,2%	1.006.038	32,6%
TOTAL	389	100,0%	3.081.335	100,0%

Fonte: Cuadernos ICO

CADRO 12

GALICIA - DISTRIBUCIÓN DO RISCO VIVO POR SECTORES ECONÓMICOS

(a 31/12/94)

	Número	% s/vixentes	risco vivo	% s/total
Primario	54	6,0%	316.412	5,7%
Industrial	147	16,4%	1.345.899	24,1%
Construcción	125	13,9%	464.931	8,3%
Servicios	213	23,7%	1.403.312	25,0%
Comercio	361	40,0%	2.067.000	36,9%
TOTAL	900	100,0%	5.597.554	100,0%

Fonte: Cuadernos ICO

Para o conxunto de Galicia, os avais ó comercio e ós outros servicios supoñen o 63,7% do número e o 61,9% do importe, medido en risco vivo. O sector industrial recibe o 16,4% do número e o 24,1% do importe, e a construción e os servicios o resto.

Unha característica dos avais é o diferente importe medio por sectores económicos. Se dividimos o risco vivo entre o número de avais vixentes vese que a maior ratio é a do sector industrial, cun importe medio avalado (sobre risco vivo) de 9.156.000 pesetas, sendo a menor ratio a da construción con 3.719.000 pesetas de media de risco vivo por aval. Para o conxunto dos avais, o valor da ratio é de 6.220.000 pesetas.

6.- A OPINIÓN DAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS. (PEMES)

Despois de recoller a evolución lexislativa e económica das SGR no Estado nos tres primeiros apartados e de presentar a situación en Galicia no apartado número cinco, quixemos completar a información anterior preguntando a directivos e empresarios de pequenas e medianas empresas galegas. A característica común do todos os entrevistados é a de ser socios partícipes de SGR con avais vixentes. O número de entrevistas realizadas foi de 50, ás que se lle presentou un cuestionario de 10 preguntas. Por escasez nas respostas ou contradicción entre estas, o número final seleccionado foi de 46. A selección foi aleatoria, a partir de listas de empresas e sen coñecemento previo das empresas polos entrevistadores.. Sintetizamos as respostas nos seguintes puntos:

■ A satisfacción das empresas co trato recibido polas SGR é moi elevada, e entre “o” e “10” o valor medio de puntuación foi do “7,043”. Téñase en conta que as todas as Pemes que responden son socios partícipes.

■ Ante a pregunta ¿Que cré que se podería mellorar?, seis das corenta e seis empresas opinan que nada e catro opinan que todo. Máis concretamente, a resposta para vinteduas das empresas (cáseque o 50%), foi a demanda de mellora no custo do aval, que se considera elevado, o que coincide cos datos aportados ó principio do traballo. A rapidez na tramitación foi a demanda doutras seis empresas, e outras doce demandaron individualmente outros aspectos.

■ Os xestores foron cuestionados sobre o desexo dun aval maior do concedido, ó que responderon afirmativamente o 29% , namentres que o 71% recibiu o importe total desexado.

■ Algo máis do 60% dos empresarios avalados tiveron que aportar garantías adicionais para recibir o aval. Esta situación, inobxetable dende un punto de vista da xestión financeira das SGR, que xestionan a cobertura do seu propio risco, é de todos modos negativa, xa que en boa medida o risco é repercutido de novo ós empresarios, que normalmente, con garantías adicionais, teñen acceso directo ó crédito bancario.

■ Para o 18% das Pemes traballar con SGR supuxo a realización doutros servicios, como tramitación de subvencións, etc... Polo tanto, o restante 82% recibe tan só o servizo do aval.

■ Unha das preguntas máis clarificadoras foi demandar por que se solicitara o aval. Das corenta e seis empresas, un número elevado delas (trinta), respondeu que deste xeito saílle máis barato o préstamo. Esta resposta non é contradictoria coa demanda de abaratar o custo do aval. A explicación está nas liñas de crédito negociadas polas SGR con diferentes entidades financeiras e na acollida a programas combinados de subvención de taxas de xuro. Pola contra, tan só dúas empresas responderon que se non acudiran a unha SGR, non lle darían o préstamo e tan só noutra a resposta foi que era o xeito de acadalo a un prazo maior do que lle darían.

■ Ante a cuestión de si, finalizada a operación en curso, continuarían traballando coas SGR, o 76% das respostas foi positiva, fronte ó 24% negativa.

7.- CONCLUSIÓNS

De todo o traballo anterior, dedúcese que as SGR galegas, Sogarpo e Afigal, teñen unha traxectoria financeira saneada, con unha excesiva dependencia do sector público na súa capitalización e no reaval.

Outro factor a salientar é que dispoñen dunha presenza coñecida entre Pemes galegas, aínda que, como no conxunto do Estado, traballan cunha proporción pequena das existentes, o que debe ser matizado dada a elevada proporción de avais concedidos entre os solicitados.

As respostas dos empresarios son un indicador claro de que as empresas non acuden ás SGR por non ter acceso ó crédito bancario. Non hai, polo tanto, un racionamento de crédito nas cantidades. A restricción sería, en todo caso, vía prezos, posto que participan das SGR porque consideran que así o crédito é máis barato.

Finalmente, para as que traballan con SGR, o grao de satisfacción manifestado é moi elevado e o desexo de continuar a relación tamén. Pola contra, a metade delas demandan un

abaratamento do custo do aval, sendo o número de empresarios que precisan de garantías adicionais moi elevado, fronte o que se podería esperar.

BIBLIOGRAFÍA

- Ang, J. (1991), "Small business uniqueness and the theory of financial management", *The Journal of Small Business Finance*, v.1, nº 1, p. 1-13.
- Bercovitz, A. (1994), "La nueva Ley 1/1994 sobre Sociedades de Garantía Recíproca", *Perspectivas del sistema financiero*, nº 47, p. 7-34.
- Calof, J. (1985), "Analysis of small business owners financial preferences", *Journal of Small Business and Entrepreneurship*, v. 3, nº 3, p. 39-44.
- Caminal, R. (1995), "El papel de las restricciones de crédito y las políticas públicas en la financiación de la pequeña y mediana empresa", *Papeles de Economía Española*, nº 65, p. 224-234
- Cardone, C. (1995) "Financiación de las PYMES y racionamiento del crédito. El sistema de garantías recíprocas", *Boletín de estudios económicos*, Universidad de Deusto, vol L, nº 156, p. 449-467.
- CESGAR (1994), *Datos generales de las Sociedades de Garantía Recíproca*, Madrid, Confederación Española de Sociedades de Garantía Recíproca.
- Cuadernos ICO (1995), *Las Sociedades de Garantía Recíproca como instrumento financiero de las pequeñas y medianas empresas*, Madrid, Instituto de Crédito Oficial.
- Flavin, M.A. (1981), "The adjustment of consumption to changing expectations about future income", *Journal of political economy*, 89, p. 974-1007.
- Gómez Jiménez, E. (1994) "Las garantías recíprocas en el marco de la Unión Europea", *Perspectivas del sistema financiero*, nº 47, p. 81-94.
- Gómez Jiménez, E. (1995), "Las Sociedades de Garantía Recíproca. Un instrumento de apoyo a las PYME españolas", *Revista europea de dirección y economía de la empresa*, v. 4, nº 2, p. 65-73.
- Graham Bannock and Partners (1995), *Securitization of guaranteed SME loans, study for the European Innovation Monitoring System*, DGXIII-D
- Holmes, S. e Kent, P. (1991), "An empirical analysis of the financial structure of small and large Australian manufacturing enterprises", *The Journal of Small Business Finance*, v. 1, nº 2, p. 141-154.
- Jullien, H.; Paraque, B.; (1995) "Rationnement du crédit et PME: une tentative de mise en relation" *Revue Internationale P.M.E.*, v.8, nº 3-4, p. 43-66.
- Levitsky, J. (1993), "Credit guarantee funds and mutual guarantee systems", *Small Enterprise Development*, v. 4, nº2, p. 4-15
- Lei 26/1988 de 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.
- Lei 1/1994 de 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca.
- Pisón, I.C. (1980), *Sistema financiero y financiación de la empresa gallega*, tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela.
- Psillaki, M. (1995), "Rationnement du crédit et PME: une tentative de mise en relation", *Revue Internationale PME*, v.8, nº 3-4, p. 67-90
- Real Decreto 874/1981 de creación da Sociedad Mixta de Segundo Aval.
- Real Decreto 1885/1978 sobre réxime xurídico, fiscal e financeiro das sociedades de garantía recíproca.
- Real Decreto-Lei 15/1977 de autorización ó goberno do Estado a regular as SGR.

- Rivera, O. (1995), "La financiación y la competitividad empresarial en la Comunidad Autónoma del País Vasco. El papel de las Sociedades de Garantía Recíproca.", Cuadernos de Información Económica, nº 97/98 p. 64-70.
- Stiglitz, J.E. and Weiss, A. (1981), "Credit rationing in markets with imperfect information", American Economic Review, v. 71, nº 3, p. 393-410
- Tamari, M. (1980), "The financial structure of the small firm: an international comparison of corporate accounts in the U.S.A., France, U.K., Israel and Japan", American Journal of Small Business, v. 4, nº 4, abril-xuño, p. 20-34.